

Presentación da publicación 'Neste momento:'

///

Un libro-catálogo do grupo de investigación MODO -con sede na Facultade de Belas Artes de Pontevedra- que recolle en 140 páxinas o seu proxecto singular desenvolvido coa Fundación RAC, no que a universidade, a creación emerxente e o coleccionismo da arte puideron ir da man.

///

Hai un ano, en outubro de 2014, inaugurábase na Fundación RAC de Pontevedra o proxecto *Neste momento:*. Alí, mostrábase por primeira vez, un proxecto de colaboración entre o grupo de investigación MODO da Universidade de Vigo e a fundación do recoñecido coleccionista Carlos Rosón. En concreto, un total de 28 artistas en período de tese ou xa doutores, organizaron 5 equipos de traballo para levar a cabo diferentes proxectos artísticos ó abeiro de 5 obras pertencentes ós fondos da colección da Fundación RAC: *Cascada pequena* (1989) de Eva Ito, *S/T* (1992) de Ernesto Neto, *Gloria Olvidada* (2012) de Cynthia Gutiérrez, *Contenido Neto* (2008) de Benjamín Torres e unha das obras da exposición *Piedra Principio* (2013-14) de Sofía Táboas. Neste contexto puxéronse en marcha dinámicas propias dunha práctica artística colaborativa, na que se puido resaltar o valor dos procesos de creación.

Un proxecto vivo, do comezo ó final

A publicación 'Neste momento:' da boa conta da atmosfera xerada a través do comisariado de Carlos Rosón xunto con Sara Fuentes. Ámbolos dous suliñaron a existencia dun entorno de creación flexible e versátil, permanentemente cambiante e accesible ata o último día. Deste xeito, a exposición foi entendida como un 'lugar de ensaio'. A complexidade deste proxecto radica na dificultade de comunicar o ocorrido, tanto ó lector deste libro-catálogo, como ó espectador daqueles días ó entrar nunha sala de exposicións que non era a mesma durante os tres meses de exhibición. Os visitantes puideron atopar en máis dunha ocasión ós artistas en pleno proceso de elaboración, montaxe, reorganización do existente... ou puideron encontrarse coa sala invadida de invitados fagocitando algunha das obras dirixidos polos coordinadores dos talleres organizados. Precisamente neste afán de achegarse á sociedade, xurdiron como resultado varias actividades complementarias que enriqueceron ó proxecto dándolle novos sentidos.

Programa de actividades complementarias para achegar a arte á sociedade

De forma paralela á exposición *Neste momento:*, foi organizado un programa de actividades en colaboración cos nenos de 'Taller abierto' e do Colexio das Doroteas de Pontevedra, os rapaces da Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI) de Ferrol e os mozos da Asociación de familias de personas con parálise cerebral (APAMP) de Vigo. O obxectivo principal foi en todo momento facelos partícipes da exposición, promovendo que activasen e acompañasen o crecemento da mesma dende as súas diferentes perspectivas.

Documento do ocorrido, síntese e debate

Como rexistro e memoria do ocorrido, cada un dos artistas, coordinadores das actividades e comisarios do proxecto, deixaron constancia dos numerosos 'estadios de crecemento' polos que pasou a mostra. Ó mesmo tempo, a publicación posúe un texto introdutorio moi especial do profesor e artista Juan Fernando de Laiglesia, Coordinador do grupo de investigación MODO (Modos de coñecemento artístico) e actual Director do Departamento de Escultura.

Artistas:

Alba Fandiño, Alejandra Pombo, Alexandre A. R. Costa, Antonio Bonome, Armando Aurélio, Berta Cáccamo, Carlos Suárez, Carlos Trindade, Carlota Salgado, Eugenia Blanco, Helena Guerreiro, Iria Vázquez, Jesús de la Iglesia, Joan Morera, Jorge Santos, Jose Manuel Vidal, J. R. Méndez Salgueiro, Liliana Lista, Lucía Romaní, Marta Bran, Olalla Cortizas, Uxía Piñeiro, Víctor-Hugo Costas, Agustín Mora, Antía Rivas, Elena Cota, Marta Cortizas e Ventura Pérez.